



Concello de Vilasantar

(Ru s/n 15807 Vilasantar- Galiza)

www.vilasantar.com

AXUDAS PEL RELEVO- CREACION DE EMPREGO PARA A XUVENTUDE.

A finalidade destas axudas é apoiar ao tecido empresarial rural na contratación laboral de mozos e mozas en situación de desemprego e inscritos no Sistema Nacional de Garantía Xuvenil e empadroados en concellos da provincia da Coruña

DESTINATARIOS: aquelas empresas e empregadoras que realicen contratacións indefinidas de persoas mozas inscritas no Sistema Nacional de Garantía Xuvenil.

As empresas e empregadoras han de contar cun modelo de negocio potenciador da economía verde, azul, circular ou ter implementadas medidas de desenvolvemento sustentable, integrantes do tecido empresarial local, calquera que sexa a súa forma xurídica, e que estean legalmente establecidas nos territorios rurais do ámbito de aplicación destas axudas.

REQUISITOS DAS PERSOAS MOZAS CONTRATADAS/A CONTRATAR.

As persoas mozas, destinatarias finais das axudas, contratadas ou a contratar polas entidades beneficiarias das mesmas, deben cumprir, as seguintes condicións:

- a) No momento da formalización do contrato obxecto de axuda, teñen que ter unha idade comprendida entre os 16 e os 29 anos (ambos incluídos). Unha vez cumpridos 30 anos, poderán ser destinatarias de actuacións se inician a súa participación antes de que transcorran 4 meses. No caso de que unha persoa cumpra os 30 anos e 4 meses mentres participe no proxecto, poderá manter a súa participación.
- b) Estar inscritas no Sistema Nacional de Garantía Xuvenil de xeito previo á formalización do contrato. As persoas que non foran debidamente inscritas no Sistema Nacional de Garantía Xuvenil antes de cumprir os 30 anos non serán elixibles.
- c) Estar empadroadas en calquera localidade dos territorios rurais obxecto desta axuda e residir durante todo o período de vixencia da subvención en algún dos 64 municipios.
- d) Os mozos e mozas participantes no poderán figurar como contratados mais dunha vez a non ser que se trate de empresas diferentes.

REQUISITOS DO CONTRATO.

- a) Contrato efectuado baixo a modalidade de indefinido a tempo completo.
- b) Poderase admitir a modalidade de contrato a distancia ou teletraballo ou a existencia dun centro de traballo itinerante, tendo en conta sempre que a persoa moza contratada resida nun dos concellos incluídos no ámbito do proxecto.
- c) O contrato terá que estar comunicado ao Servizo Público de Emprego de Galicia e formalizado nos modelos estandarizados establecidos.

A **contía da axuda** por cada novo/a traballador/a xove será igual ao resultado de multiplicar o Salario Mínimo Interprofesional (SMI) do ano vixente por 0,5 e polo número de meses de permanencia na empresa/empregadora que recibe e xustifica a axuda (sempre que sexa superior a 6 meses)

As empresas e/ou persoas empregadoras interesadas en participar na convocatoria de axudas PEL RELEVO deberán comunicar a súa vontade de adhesión á mesma rexistrándose, se non o estiveran, na plataforma telemática SUBTEL (acceso dende a páxina web www.dacoruna.gal) mediante a sinatura electrónica da persoa representante legal e, cumprimentando os campos da solicitude a través do apartado correspondente á convocatoria PEL RELEVO

PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES: DENDE O 5/8/2020 ATA O 14.00 HORAS DO DÍA 31/8/2020